

Contrafacerse

Ensaio Mella esquece a política nun texto para derrubar tópicos

En Galicia parece haber medo de afondar na historia recente e nos piáres ideolóxicos sobre os que asenta o presente. A distinción real entre *boina e birrete* non vai alén das propias etiquetas. E o mesmo podemos dicir dun socialismo galego que leva máis de tres décadas facendo política sen a máis mínima elaboración teórica. Ou do nacionalismo, ancorado nos seus mitos e na asunción acrítica dun feixe de análises erradas sobre un país que non existe. Tópicos. Falta análise sobre *que é e que quere* a sociedade galega, falta debate sobre a Transición ou a construcción da Autonomía. Carlos Mella é unha excepción. Nos anos noventa debullou con enxeño a política galega en varias obras e nestas *Memorias* deita de novo unha visión irónica sobre Galicia.

A primeira vista, as dúas tachas que se lle poden apor ao libro son fundamentalmente a súa reducida extensión —máis non significa *meillor*, pero neste caso o relato fica curto para o que Mella podería contar— e a certa perda da irreverencia que demostrou en *Non somos inocentes* ou no esperpento xacobeo de *Luces de*

Memorias dun ninguén
Carlos Mella · Galaxia, 2009 ·
172 páx · 14 euros



Fisterra. Pero hai unha máis importante: o autor rarea conscientemente o relato da súa actividade política, quince anos que o levaron por cinco partidos, de AP ao BNG, pasando por UCD, CG e PNG, e nos que tivo importantes responsabilidades de goberno. É un período da súa memoria que xa trazou noutras obras, pero advítese unha desgana á hora de relatar esa experiencia. Así mesmo, bótase de menos, alí onde enceta reflexións sobre a sociedade galega, a profundidade demostrada n'A *Galicia posible*, a densidade que se lle debe esixir a unha persoa que demostrou ter unha capacidade de análise ben máis grande de cá que exerce aquí.

Mella foxe conscientemente destes temas e consegue, efectivamente, contar a *historia dun ninguén*, dun calquera. O resultado son unhas memorias xeracionais que cun-



Carlos Vázquez, Camilo Nogueira e Carlos Mella // Arquivo

ha escrita ágil e unha lingua rica percorren a guerra civil con ollos de neno, a posguerra dende o internado dos xesuítas e unha ditadura na que non correu diante dos grises: “os demás, todo hai que dicilo, encartamos a orella” (unha sinceridade que se agradece, pois escoitando algúns relatos aquilo ben parecía unha matrón). O libro gaña en interese nos seus trancos centrais, na narración da súa experiencia política, que enfrenta cunha valiosa autocriticá: “Coali-

ción Galega resultou ser un producto galego (...) Era un partido nacionalista no que non había nacionalistas, e tamén un partido progresista no que non había progresistas”.

Iso si, Mella pelexa contra o tópico, busca afondar alí onde a maioria se conforma coas análises dadas por adiantado. É por iso que critica a retranca e a tan reivindicada *listura* dos galegos: “a tal recoñecida listura non era máis que a moeda falsa coa que pagaban a nosa submisión”, unha idea que nel vén de veillo: “o galego vive nunha sociedade desvertebrada civilmente e acrítica intelectualmente (...) E a ferramenta que manexa o poder para converter a apoloxía en instrumento de dominación é o tópico”. Carlos Mella adoitaba ir más aló do tópico, chegar ao fondo dos temas, alí onde os outros se senten incómodos. É por iso que eu quería ler as memorias de Carlos Mella, non as memorias dun ninguén. // Marcos Pérez Pena